O Instituto considerará valores fundamentais para o desenvolvemento das súas actividades a liberdade, a xustiza, o pluralismo,o respecto á dignidade humana, a ausencia de discriminación e a tolerancia.

#### 5. IGUALDADE

O Centro garantirá o dereito de todos a recibir un trato igual, sen que poidan establecerse diferenzas por razóns de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social que implique discriminación. Nas situacións nas que sexa procedente un trato diferenciado, este realizarase coa finalidade de corrixir desigualdades persoais de feito, que dificultan a aprendizaxe, atendendo sempre á diversidade de intereses, motivacións e capacidades do alumnado. En ningún caso devandito trato pode atentar contra as liberdades e dereitos recoñecidos constitucionalmente.

# 6 CAPACIDADES E HÁBITOS

A actividade educativa e docente terá como obxectivos desenvolver no alumnado o afán de coñecemento, a capacidade de análise da realidade, a procura de informacións obxectivas, a valoración das diversas perspectivas, o espírito crítico e reflexivo, a capacidade de decisión e a aprendizaxe da sistematización científica.

# 7 PAZ E SOLIDARIEDADE

Para lograr no alumnado unha formación positiva fronte a paz e a solidariedade profundarase no coñecemento da realidade social do mundo, coas súas diferenzas, carencias e situacións inxustas, así como nas causas e orixes das mesmas.

# 8 INTERNACIONALIZACIÓN

O centro fomentará un enfoque internacional da actividade educativa, tanto no desenvolvemento do currículo como no desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares, potenciando as segundas linguas estranxeiras e os intercambios lingüísticos e culturais a fin de garantir un pleno adquisición da cidadanía europea e o afondamento no desenvolvemento da competencia social e cívica así como da conciencia e expresión cultural dos membros da comunidade educativa.

# 9 TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

A omnipresencia das novas tecnoloxías nun eido crecente da actividade humán determina que a aprendizaxe do seu uso así como dos coñecementos, destrezas e atitudes asociadas ás mesmas, sexa un aspecto moi importante no proceso de formación das persoas así como na xestión educativa.

O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes asume a necesidade de impulsar de xeito decidido e ordenado a formación do alumnado neste ámbito proveendo a infraestrutura técnica necesaria para levar a cabo a tarefa, promovendo a formación do profesorado nesta área e facilitando e impulsando os proxectos formativos e educativos asociados ao emprego das TIC, como ABALAR, E-Dixgal, e-Twinning emprego do correo corporativo dun xeito crecente nas comunicacións coas familias, administración e resto da comunidade educativa, uso de forma recurrente dos programas de xestión XADE, Meiga, XADE libros, etc.

# CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

## 1. ESO

Segundo o establecido na Orde de 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia e a concrección curricular aprobada polo Claustro do centro en reunión extraordinaria de 28 de abril de 2022:

### AVALIACIÓN

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso. O alumnado que teña as tres avaliacións parciais superadas poderá realizar as actividades e/ou probas previstas na programación a efectos de subir a súa cualificación final. (a.7.8 e concrección claustro).

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. (a.7.11).

### PROMOCIÓN (A.8.1. E 2.)

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

### TITULACIÓN (A.10. 1 E 2)

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

# 2 BACHARELATO

## AVALIACIÓN

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros(a.13.9).

## PROMOCIÓN

Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque (a. 14. 1 e 2).

## TITULACIÓN

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Entenderase que existe inasistencia continuada e inxustificada cando se acumulen as faltas recollidas na táboa e se efectúen as correspondentes notificacións:

| Nº de clases/semana por materia | Nº de faltas 1ª notificación | Nº de faltas 2ª notificación | Inasistencia non xustificada e continuada |
|---|---|---|---|
| 1 | 3 | 5 | 6 |
| 2 | 6 | 10 | 12 |
| 3 | 9 | 14 | 16 |
| 4 ou máis | 12 | 16 | 18 |

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria, tal e como constan na programación da materia, amosando un esforzo por superalas.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada (a. 15. 2 e 3 e concrecclón curricular do claustro).

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

Sigue vixente a do curso anterior, non habendo modificacións significativas mais aló das referidas anteriormente derivadas dos cambios organizativos e do calendario escolar, a destacar:

- Desaparición da avaliación extraordinaria na ESO
- Anticipación do inicio do curso e da terceira avaliación, así como diferimento no tempo o momento da terceira avaliación na ESO con respecto á avaliación final.
- Anticipo a xuño da avaliación ordinaria de 1º Bacharelato.

# ANEXO II

## 1. PLAN ANUAL DE LECTURA

O Plan Anual de Lectura supón a concrección do Proxecto Lector do centro para cada curso, nutríndose das liñas xerais establecidas no centro a través das aportacións dos departamentos académicos e da Biblioteca.

Mantéñense, en xeral, as liñas de actuación dos cursos pasados. Os obxectivos para este curso son os seguintes:

### PROFESORADO

- Definir para cada nivel educativo o nivel de complexidade dos textos a traballar para adaptalos ó seu nivel de desenvolvemento próximo.
- Facilitar retomar os hábitos de lectura promovidos dende o centro trala interrupción da actividade lectiva presencial que supuxo o curso anterior.
- Promover entre o alumnado con máis dificultades o material de lectura fácil e os recursos dispoñibles na biblioteca para o traballo da competencia lectora.

### ALUMNADO

- Promover o interese pola lectura non só como unha ferramenta de traballo senón como unha forma de relacionarse cun mesmo/a, co mundo e a contorna.
- Valorar a lectura como unha forma de ampliar coñecementos sobre a realidade.
- Aprender a identificar a información nos seus distintos formatos valorándoa con espíritu crítico.
- Identificar a Biblioteca como un espazo de ocio vinculado ó coñecemento e á cultura.
- Desenvolver competencias TIC que permitan unha presencia máis activa e crítica en Internet e nas redes sociais.
- Recoñecer no profesorado unha figura asesora e orientadora no proceso de documentación e selección de lecturas e fontes de información.
- Valorar os propios gustos e preferencias no referente a recursos culturais (libros, películas, música, arte) e dalos a coñecer entre o resto de membros da comunidade educativa.

### FAMILIAS

- Valorar a importancia do papel da lectura na mellora do rendemento académico do alumnado.
- Amosar interés e implicarse no desenvolvemento e afondamento na competencia lectora do alumnado.
- Colaborar co centro nas actividades promovidas ó redor da lectura.

## 2. DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### A. ADDENDA 2022/2023 AO PLC

#### I.-VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO 2021-2022

Para a valoración dos programas e actvidades de fomento da lingua galega facemos unha referencia ás memorias correspondentes á Biblioteca e o Equipo de Dinamización de Lingua Galega, cuxas actividades estiveron, especialmente no caso do EDLG orientados a fomentar o uso e valorizar a lingua galega.

No caso da biblioteca o seu dinamismo estivo tamén centrado na promoción da lectura e a escritura en lingua galega, nun marco mais amplo que inclúe tamén a dinamización cultural da vida do centro e a alfabetización informacional. Non obstante, a situación de pandemia limitou moito o alcance e afondamento das actividades realizadas.

Pódense consultar ditas actividades na memoria do centro remitida ó finalizar o curso 2021-2022 en https://www.edu.xunta.gal/centros/iesollosgrandes/aulavirtual/course/view.php?id=866

#### II. INFORMACIÓN SOBRE OS PROGRAMAS E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVERÁN NO CURSO 2022-2023

As programacións tanto de Biblioteca como do Equipo de Dinamización de Lingua Galega recollen o groso dos programas e actividades a desenvolver no presente curso. A continuación amósase a relación das mesmas, que poden consultarse mais polo miúdo nas referidas programacións integradas na PXA.

##### BIBLIOTECA

- Formación de usuarios en Biblio e ALFIN
- Continuación na participación na convocatoria de Bibliotecas Solidaria, co grupo de Axudantes de Biblioteca.
- Solicitude de “Maletas viaxeiras” temáticas.
- Empréstito de E-books.
- Clubes de lectura: alumnado e profesorado.
- Colaboración cos proxectos “Erasmus+” e co Departamento de EDLG.
- Cooperación coa Hora de Ler: revisión e actualización das Bibliotecas de Aula e organización do Concurso da Hora de Ler.
- Elaboración das guías de lectura vacacionais: Nadal e Verán
- Organización de actividades ou accións solidaria para o Nadal.
- Xestión das Mochilas Viaxeiras para os períodos vacacionais de Nadal e Verán.

- Obradoiros variados.
- Charlas con escritores e outras figuras do mundo literario.
- Celebracións e conmemoracións de datas sinaladas: Día da Biblioteca, Samaín, Mes da Ciencia en Galego, Día da Música, Día contra a Violencia de Xénero, Día da ilustración, Semana do Libro, Letras Galegas...

## EDLG

- Revista
- Correlingua
- Concurso de carteis 25n
- Samaín
- Día (semana) da ciencia en galego
- Rutas literarias polo museo
- Entroido
- Día de rosalía de castro
- Día internacional da muller
- Celebración das letras galegas
- Institución amiga

## III.-DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS EN GALEGO E CASTELÁN NOS DISTINTOS NIVEIS E MATERIAS.

A día de hoxe, obsérvase, en xeral, un desequilibrio na impartición de materias cara o castelán na maior parte dos cursos o que se está a traballar en profundidade este curso no seo da CCP para cumprir co establecido no decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Este ano, 2022, o Proxecto Lingüístico do Centro deberá ser obxeto de nova aprobación.

## 1º ESO - LOMLOE

| **MATERIA** | **Lingua** | | |
|---|---|---|---|
| | **GALEGO** | **CASTELÁN** | **OUTRAS** |
| Biloxía e xeoloxía | 4 | | |
| Xeografía e historia | 3 | | |
| Educación física | | 2 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Lingua galega e literatura | 4 | | |
| Lingua castelá e literatura | | 4 | |
| Inglés | | | 3 |
| Matemáticas | | 4 | |
| Tecnoloxía e Dixitalización | | 3 | |
| Educación plástica e visual | | 2 | |
| Francés | | | |
| Alemán | | | 2 |
| Portugués | | | |
| Titoría | 1 | | |
| Relixón | | 1 | |
| Educación en valores cívicos e éticos | 1 | | |
| **Totais:** | **13** | **16** | **5** |
| | **38%** | **47%** | **15%** |

## 2º ESO - LOE

| **MATERIA** | **Lingua** | | |
|---|---|---|---|
| | **GALEGO** | **CASTELÁN** | **OUTRAS** |
| Biloxía e xeoloxía | 4 | | |
| Xeografía e historia | 3 | | |
| Educación física | | 2 | |
| Lingua galega e literatura | 4 | | |
| Lingua castelá e literatura | | 4 | |
| Inglés | | | 3 |
| Matemáticas | | 4 | |
| Tecnoloxía e Dixitalización | | 3 | |
| Educación plástica e visual | | 2 | |
| Francés | | | |
| Alemán | | | 2 |
| Portugués | | | |
| Titoría | 1 | | |
| Relixón | | 1 | |
| Educación en valores cívicos e éticos | 1 | | |
| **Totais:** | **13** | **16** | **5** |
| | **38%** | **47%** | **15%** |

## 3º ESO - LOMLOE

| MATERIA | Lingua | | |
|---|---|---|---|
| | **GALEGO** | **CASTELÁN** | **OUTRAS** |
| Biol. Xeo | 2 | | |
| Xeografía e historia | 3 | | |
| Educación física | | 2 | |
| Física e Química | | 2 | |
| Lingua galega e literatura | 3 | | |
| Lingua castelá e literatura | | 3 | |
| Inglés | | | 3 |
| Matemáticas | | 4 | |
| Música | 2 | | |
| Educación plástica e audio | 2 | | |
| Tecnoloxía | | 2 | 2 |
| Titoría | 1 | | |
| Francés | | | |
| Alemán | | | 2 |
| Portugués | | | |
| Cultura Clásica | 2 | | |
| Educación Dixital | | 2 | |
| Oratoria | | | |
| Relixión | | 1 | |
| Educación en valores cívicos e éticos | 1 | | |
| **Total:** | **16** | **16** | **7** |
| | **41%** | **41%** | **18%** |

## 4º ESO - LOE

| MATERIA | Lingua | | |
|---|---|---|---|
| | **GALEGO** | **CASTELÁN** | **OUTROS** |
| Xeografía e historia | 3 | | |
| Educación física | | 2 | |
| Lingua galega e literatura | 3 | | |
| Lingua castelá e literatura | | 3 | |
| Titoría | 1 | | |
| Inglés | | | 3 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Francés | | | |
| Matemáticas académicas | | 4 | |
| Matemáticas aplicadas | | 4 | |
| Bioloxía e Xeoloxía | 3 | | |
| Física e Química | | 3 | |
| Tecnoloxía | | 3 | |
| Iniciación á activid. emprendedora | | 3 | |
| Ciencias aplicadas á activ. empres. | | 3 | |
| Música | 3 | | |
| Educación plástica visual e audiov. | 3 | | |
| Latín | | 3 | |
| Filosofía | 3 | | |
| Economía | | 3 | |
| Cultura Clásica | | 3 | |
| Cultura científica | 3 | | |
| Francés | | | |
| Alemán | | | 3 |
| Portugués | | | |
| TIC | 3 | | |
| Relixión | | 1 | |
| Valores éticos e cívicos | 1 | | |
| Artes escénicas e danza | 1 | | |
| **Totais:** | **27** | **35** | **6** |
| | **40%** | **51%** | **9%** |

## 1º BACHARELATO - LOMLOE

| **MATERIA** | **Lingua** | | |
|---|---|---|---|
| | **GALEGO** | **CASTELÁN** | **OUTROS** |
| Educación Física | | 3 | |
| Filosofía | 3 | | |
| Lingua castelá e literatura I | | 3 | |
| Lingua galega e literatura I | 3 | | |
| 1ª LE Inglés | | | 3 |
| Matemáticas I | | 4 | |
| Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais | 4 | | |
| Tecnoloxía e Enxeñería I | 4 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Física Química | | 4 | |
| Debuxo Técnico I | | 4 | |
| Matemáticas Aplicadas ás CCSS | | 4 | |
| Latín I | | 4 | |
| Historia do Mundo Contemporáneo | 4 | | |
| Grego I | | 4 | |
| Economía | 4 | | |
| Literatura Universal | 4 | | |
| Artes Escénicas I | 4 | | |
| Linguaxe e Práctica Musical | 4 | | |
| Cultura Audiovisual | 4 | | |
| Debuxo Artístico I | | 4 | |
| Volume | | 4 | |
| Proxectos Artísticos | | 4 | |
| Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e o Deseño I | | 4 | |
| Antropoloxía | 4 | | |
| Cultura Científica | | 4 | |
| Literaturas Hispánicas | | | |
| TIC I | 4 | | |
| Anatomía Aplicada | | 4 | |
| 2ªL. Alemán | | | 4 |
| 2ª L. Francés | | | |
| 2ª L. Inglés | | | |
| 2ª L. Portugués | | | |
| Relixión | | 1 | |
| **Totais** | **46** | **55** | **7** |
| | **43%** | **51%** | **6%** |

## 2º BACHARELATO - LOE

| MATERIA | Lingua | | |
|---|---|---|---|
| | **GALEGO** | **CASTELÁN** | **OUTROS** |
| Historia de España | 3 | | |
| Lingua castelá e literatura I | | 3 | |
| Lingua galega e literatura I | 3 | | |
| Alemán | | | 3 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Francés | | | |
| Inglés | | | |
| Portugués | | | |
| Matemáticas II | | 4 | |
| Bioloxía | | 4 | |
| Historia da Filosofía | 4 | | |
| Debuxo Tec. II | | 4 | |
| Física | | 4 | |
| Química | | 4 | |
| Xeoloxía | | 4 | |
| Xeografía | 4 | | |
| Economía de Empresa | 4 | | |
| Matemáticas Aplicadas II | | 4 | |
| Latín | | 4 | |
| Grego | | 4 | |
| Xeoloxía | 4 | | |
| Hª da Arte | 4 | | |
| Hª da Filosofía | 4 | | |
| TIC II | 3 | | |
| T. Industrial II | 3 | | |
| Historia da Música e danza | 3 | | |
| Psicoloxía | | 3 | |
| Xeografía e Hª de Galicia | 2 | | |
| Filosofía da CC e da Tecnoloxía | 2 | | |
| Ética e Filosofía do dereito | 2 | | |
| Literatura galega do s. XX | 2 | | |
| Métodos Estatísticos e Numéricos | | 2 | |
| Patrimonio artístico e cultural | 2 | | |
| 2ª L. Alemán | | | 2 |
| 2ª L. Francés | | | |
| 2ª L. Inglés | | | |
| 2ª L. Portugués | | | |
| Relixión | | 1 | |
| CC. da terra e medioambiente | | 3 | |
| Electrotécnia | 2 | | |
| Fundamentos de admin. e xest. | 3 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Totais:** | **54** | **48** | **5** |
| | **50%** | **45%** | **5%** |

## SECCIÓNS BILINGÜES

Durante este curso mantéñense as seccións bilingües en 2º ESO, Tecnoloxía.

Solicitouse e recibiuse autorización para impartir sección bilingüe inglés en Tecnoloxía e Dixitalización en 1º ESO.

Están autorizadas e suspendidas este curso as seguintes seccións bilingües:

- 1º ESO, Tecnoloxía e Dixitalización;
- 4º ESO, Economía
- 1º BAC, Filosofía;
- 1º BAC, Economía

Cóntase con dous auxiliares de lingua estranxeira:

- Auxiliar lingua inglesa.
- Auxiliar lingua alemana.

## B. CONSTITUCIÓN DO EDLG

Tal e como se recolle no Proxecto do Equipo de Dinamización de Lingua Galega para o curso 2022-2023, a composición do EDLG queda do seguinte xeito:

***COORDINADORA***

Ana Isabel Carballas  Pérez (Departamento de Matemáticas)

***PROFESORADO***

María José Saco Rodríguez
(Departamentode Matemáticas)

Francisco Javier Núñez Aguado
(Departamento de Ecocomía. Director)

Jesús Álvarez Arias
(Departamento de Educación Matemáticas. Vicedirector)

Teresa Ulloa González
(Departamento de Francés. Xefa de Estudos)

Mar Neira González
(Departamentode Economía)

Pilar Iglesia Muinelo
(Departamento de Economía)

Ángel Daniel Díaz Trigo
(Departamento de Educación Plástica e Visual)

Jessica Mera Redondo
(Departamento de Educación Plástica e Visual)

María Aurelia Vázquez Vázquez
(Departamento de Relixión)

Miguel Díaz Valdés
(Departamento de Música)

Eva María Rodríguez Yáñez
(Departamento de Música. Coordinadora da Biblioteca)

Ana Mª Barral Rodríguez
( Xefa do Departamento de Lingua Galega)

Aurea Penas Roibás
(Departamento de Lingua Galega. Secretaria)

Ana MªRodríguez Rouco
(Departamento de Lingua Galega)

Purificación Rodríguez de Arriba
(Departamento de Lingua Galega)

Lucía González Campos
( Departamento de Lingua Galega)

José Lodos Veiga
(Departamento de Lingua Galega)

Mª Ángeles Méndez Linares
(Departamento de Lingua Galega)

Xosé Martínez Pedreiro
( Departamento de Lingua Galega. Profesor de portugués)

Cristina Rey Rodríguez
(Departamento de Tecnoloxía)

Covadonga Yugueros Valbuena
(Departamento de Tecnoloxía)

***PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS***

Juan Ignacio García Rebolo

María Luisa Rodríguez Reija

**ALUMNADO**

Duarte Guerreiro Legaspi

Ángel GallegoFernández

## ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Vén sendo xa habitual no instituto o traballo conxunto para actividades concretas co Departamento de Lingua Galega e Literatura, e co Equipo da Biblioteca; tamén cos Departamentos de Educación Física, Música, Filosofía, Tecnoloxía, Bioloxía e Xeoloxía, etc. cara á organización de actividades.

Asemade, buscamos abrir o noso abano ao resto da sociedade. Máis aló do ámbito académico, buscaremos a colaboración con outras institucións: Deputación de Lugo, Museo Provincial, Concello de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo) e outros institutos.

Destacar neste sentido o recoñecemento co nomemento de "Institución Amiga", a distinción que anualmente se lle outorga a aquela institución local caracterizada por unha mais destacada colaboración co centro.

### REVISTA

Recollerá as actividades máis salientables do ámbito académico, coa colaboración, sobre todo do alumnado do centro. Preténdese crear unha rede de reporteiros en que inclúa alumnado de todos os cursos. A final de curso organizarase un acto de presentación no Salón de Actos do Instituto.

### CORRELINGUA

Agárdase que a Festa Final do Correlingua sexa posible este ano. Nese caso participaríamos co alumnado de 1º de ESO.

### CONCURSO DE CARTEIS 25N

Dende a Biblioteca organizarase un concurso de carteis para sensibilizar ao alumnado na loita contra a violencia de xénero. O departamento de Educación Plástica e Visual encargarase de guiar esta actividade entre o alumnado de 1º de ESO.

### SAMAÍN

A celebración do Samaín reducirase este no ao adorno das aulas.

### DÍA (SEMANA) DA CIENCIA EN GALEGO

Agárdase que os departamentos de Bioloxía, Física e Química, Matemáticas e Tecnoloxía organicen varias actividades.

### RUTAS LITERARIAS POLO MUSEO

Actividade organizada polo Departamento de Lingua Galega para alumnado de 2º de ESO.

### ENTROIDO

A celebración do Entroido será a axeitada para as condicións sanitarias do momento e terá máis peso nos cursos inferiores.

## DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

As actividades, que están por determinar, correrán a cargo do profesorado de Lingua Galega e coa implicación do equipo da biblioteca.

## DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

As actividades para celebrar esta data están por determinar.

## CELEBRACIÓN DAS LETRAS GALEGAS

Será este curso unha celebración que implicará directamente ao departamento de Lingua e Literatura Galegas, con actividades axeitadas para o momento.

## INSTITUCIÓN AMIGA

Tradescola colaborou en anos anteriores dando a coñecer música popular galega a estudantes europeos. Quedou adiada a entrega do premio Institución Amiga por mor da Covid-19. Se este ano fose posible recibir visitas ERASMUS+ sería o momento de entregarlles este agasallo.

A Biblioteca será, durante todo o curso, un foco xerador de pequenas actividades, que contribuirán sen ningunha dúbida á dinamización do uso da lingua galega.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega deberá contribuír durante todo o curso no apoio lingüístico e en favorecer que os espazos adicados a exposicións, anuncios e comunicación públicas sexan ocupados totalmente pola lingua galega.

## 3. SECCIÓNS BILINGÜES

Actualmente o centro conta con catro seccións bilingües de inglés aprobados:

- Tecnoloxía – 2º ESO
- Economía – 4º ESO
- Economía – 1º BAC
- Filosofía – 1º BAC

No presente curso estanse a impartir dúas seccións bilingües

| Sección | Nº grupos | Docente | Coordinador lingua |
|---|---|---|---|
| Tecnoloxía 2º ESO | 2 | Yugueros, Covadonga | Barrera, Lorena |

### SEGUEMENTO E AVALIACIÓN

Semanalmente, cóntanse cunha sesión de coordinación semanal para cada sección á que asisten o docente titular da sección, a persoa coordinadora da lingua estranxeira e a asistente de linguas.

| Lingua estraxeira | Auxilia lingua | Coordinadora Auxiliar |
|---|---|---|
| Inglés | Matthew | Barrera, Lorena |
| Alemán | Louisa | Rey, María |

Ademais dos auxiliares de lingua estranxeira, o departamento de Alemán conta ca presencia periódica no centro de nativos de fala alemana que colaboran co centro, en calidade de vontoarios como auxiliares de lingua no marco do acordo de colaboración co Goethe Institute grazas o recoñecemento do noso instituto como centro PASCH (Centro amigo da lingua e cultura alemana)

## 4. CONCRECIÓN DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.

O centro ven de rematar o curso pasado o seu Plan Dixital, cunha serie de obxectivos a desenvolver nos cursos vindeiros, que pasamos a enumerar a continuación:

OBXECTIVO 1
Establecer as funcións dun coordinador TIC (independente do coordinador Edixgal)

OBXECTIVO 2
Desenvolver programas de formación do profesorado para mellorar a competencia en ámbitos específicos (dereitos de autoría, avaliación, creación de contidos…)

OBXECTIVO 3
Formar a comunidade educativa sobre o uso axeitado e seguro dos dispositivos móbiles

OBXECTIVO 4
Actualización das infraestruturas e equipos informáticos.

### RECURSOS

Con respecto ó ano anterior os recursos cos que conta o centro véronse incrementados do seguinte xeito:

- Libro dixital E-Dixgal para 3º e 4º ESO
- Cobertura wifi en todo o centro
- Ampliación das aulas dixitais con dotación de material
- Armario con doce portátiles para o seu uso en aulas convencionais
- Renovación parcial de equipos informáticos en aulas específicas.

# 5. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste curso 2022-2023 no Plan de Atención á Diversidade intégranse as seguintes medidas.

## 5.1. MEDIDAS ORDINARIAS

O conxunto de medidas ordinarias segue, en liñas xerais, as plantexadas en cursos anteriores:

### ADECUACIÓN DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO  E DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA AULA ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

#### TITORÍAS:

Buscouse que os titores, fundamentalmente na ESO, conten con horario de clase suficiente para coñecer o grupo.

Os titores conta cunha hora recoñecida como lectiva no seu horario, para a coordinación co departamento de Orientación, o traballo sobre o Plan de Acción Titorial e tratar cuestións de convivencia.

A formación dos grupos fíxose en colaboración entre Dirección e Orientación, buscando unha axeitada distribuión do alumnado.

#### ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS AO CONTORNO E AO ALUMNADO

As persoas ca xefatura de departamento e posteriormente Dirección, velan por unha correcta adaptación das programacións ó alumnado e o seu contorno.

#### ADAPTACIÓN DOS TEMPOS, DOS INSTRUMENTOS E DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

O profesorado, en colaboración co departamento de Orientación e as familias, identificarán ó alumnado susceptibe de adaptación dos procedementos e instrumentos de avaliación en función das súas necesidades.

Acudirase ós protocolos elaborados pola administración educativa para clarificar e homoxeneizar as medidas aplicables.

#### AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA

Reforzouse a atención do profesorado á aula de convivencia, de tal maneira que haxa sempre un docente dispoñible en todas as franxas horarias e días lectivos.

Reforzo da coordinadora de convivencia mediante a ampliación do horario dispoñible para atender a estas cuestións e inclusión dunha hora de coordinación semanal con Dirección e Orientación.

#### REFORZO EDUCATIVO E APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

O profesorado con dispoñibilidade horaria, entrará na aula para reforzar o traballo do profesor titular naqueles casos en que se considere convinte, cumprindo con todos os requisitos establecidos.

Estos apoios son os mais habituais no cursos baixos da ESO.

Solicitáronse en concedéronse profesores de apoio especialistas a media xornada dentro do contrato programa Recupera-T, contando cos seguintes recursos adicionais:

- Programa PROA
  Reforzo 4º ESO
  Todo o curso
    - Profesora especialista lingua castelá ½ xornada

### OUTRAS MEDIDAS DE CARÁCTER ORDINARIO

- Programas de enriquecemento curricular
- Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar
- Plan específico persoalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permanezca un ano mais no mesmo curso
- Programas de habilidades y competencias sociales
- Exención de segunda lingua estranxeira en 1º e 2º da ESO.

## 5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

### ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Está previsto que no presente curso se elaboren adaptacións curriculares entre o alumnado de segundo e terceiro da ESO.

Estamos pendentes das avaliacións iniciais para a súa implementación.

### AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Durante este curso a organización previa dos recursos permitiu establecer as bases para facer agrupamentos flexibles en todos os niveis da ESO nas materias de lingua galega, lingua castelá e matemáticas. A implementación definitiva dos mesmos dependerá das valoracións efectuadas polos equipos docentes nas avaliacións iniciais.

En caso de que non se puideran facer, por distintos motivos, ditos recursos estarán dispoñibles para medidas de reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

### APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE

Contamos con tres profesoras de Pedagogía Terapéutica, das cales unha ten adicación específica a alumnado con necesidades específicas.

O apoio do resto do profesorado de PT distribuirase en función das necesidades do centro en cada caso.

### FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

Estase a proñer en marcha unha flexibilización do período de escolarización en 3º da ESO para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

### GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS

O centro valora a formación dun grupo de adquisición de linguas para o alumnado estranxeiro que se incorpore o centro sen coñecer a lingua.

### OUTRAS MEDIDAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO

Ainda que non previstas inicialmente, valorarase a súa aplicación en función da evolución do alumnado e da escolarización.

## 5.3 LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

O departamento de Orientación recolle, para o curso 2022 – 2023, as seguintes liñas prioritarias de actuación:

### PLAN DE APOIO Ó PROCESO DE APRENDIZAXE

Centrado nos seguintes aspecto da labor educativa:

- Planificación das sesións de avaliación inicial na ESO e as posteriores sesións de avaliación para todos os niveis educativos.
- Participación do profesorado en tarefas orientadoras
- Análise do conflito profesor – grupo.
- Selección do alumnado para o PMAR.
- Participación no programa PROA.
- Asesoramento ao profesorado na metodoloxía didáctica e nos procedementos e criterios de avaliación para a adaptación do ensino ás características do alumnado

### PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

Buscarase facilitar a toma de decisión de cada alumno respecto do seu itinerario académico e profesional, a través dos seguintes obxectivos específicos:

- Promover o autocoñecemento por parte do alumno/a.

- Facilitarlle a información sobre itinerarios educativos e orientación sobre opcións laborais.
- Axudarlle na toma de decisión sobre o seu futuro académico e profesional.
- Orientarlle sobre as estratexias máis axeitadas para atopar emprego (orientación laboral).

## PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial conta cunha programación propia, dentro da cal se integra o desenvolvemento de dous liñas Proxecta:

- Por 365 días de respecto e igualdade
- Donas de si
  (se ben este Proxecta non está directamente xestionado polo departamente de Orientación senon polo departamento de Plástico, atópase directamente relacionado co traballo do departamento que participa no mesmo.)

Así mesmo, co obxectivo de promocionar o traballo interdisciplinar, tamén dende o departamento de Orientación promoveuse a participación nos contratos-programa INCLÚE en catro liñas:

- IGUALA-T
- CONVIVE-T
- INCLÚE-T
- EMOCIONA-T

As liñas básicas de actuación serán:

- Relación de coordinación do titor/a co departamento de orientación e coa xefatura de estudios.
- Traballo conxunto e coordinado do titor/a co profesorado do seu grupo adoptando acordos sobre a avaliación do alumnado e promovendo medidas para mellora-la marcha do grupo.
- Desenvolvendo, o titor/a, a sesión de titoría co seu grupo.
- Relación titor/a-familias para intercambiar información sobre os procesos de aprendizaxe e orientarlles sobre a educación dos alumnos /as.

## ACTUACIÓNS RELACIONADAS CA CONVIVENCIA E CA EDUCACIÓN EN VALORES

Canalizadas fundamentalmente a través dos Proxecta e contrato programa INCLÚE integrados no PAT, ó que nos remitimos.

A esas actuacións engádese o programa de formación de mediadores iniciado fai dous cursos coa impartición de sesións formativas por parte da xefa do departamento de orientación. Este curso daráselle continuidade coa implementación das súas funcións neste curso académico.

## 5.4. SEGUEMENTO E AVALIACIÓN

A avaliación será realizada coa participación dos axentes implicados en cada programa:

- Departamento de Orientación,
- equipos de titores,
- profesorado, alumnado, e
- comunidade educativa en xeral.

Os criterios xerais de avaliación son:

- Adecuación dos programas ás necesidades dos usuarios e usuarias do mesmo.
- Calidade e relevancia das estratexias de intervención utilizadas, tanto no ensino presencial coma no ensino mixto ou a distancia.
- Calidade e relevancia da información/formación subministrada.
- Nivel de aceptación e de participación nas actividades propostas polos axentes educativos implicados.
- Número de actividades realizadas e grao de participación nas mesmas.
- Resultados obtidos coa posta en marcha do programa.

A avaliación da Programación Anual do Departamento será o resultado de sumar as diferentes avaliacións parciais dos programas e actividades, recolléndose a mesma na Memoria final do Departamento de Orientación.

## 6.CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

O traballo durante o presente curso está integrado polas seguintes actuacións, algunhas das cales foron xa indicadas no Plan de Atención á Diversidade:

### AULA DE CONVIVENCIA

- Aumento do número de horas dispoñibles por parte da coordinadora de convivencia.
- Reunión de coordinación e segumento semanal con Dirección e o departamento de Orientación.

### MEDIACIÓN

- Continuación co proceso de captación de novos candidatos para a mediación
- Formación do alumnado e profesorado implicado.
- Posta en práctica da formación recibida mediante a intervención na resolución de conflitos de baixa intensidade.

### COMISIÓN DE CONVIVENCIA

- Renovación da comisión de convivencia co gallo das eleccións ó Consello escolar, promovendo a súa reactivación e dándolle maior protagonismo na xestión da convivencia no centro.

### OUTRAS ACTUACIÓNS

Ademais de estas actuacións, tense previsto traballar sobre aspectos concretos do funcionamento do centro, susceptibles de mellora, e que teñen unha incidencia importante sobre o nivel de convivencia no centro

- Acollida de alumnado no centro
  Trátase de facilitar a rápida integración do alumnado no centro e a súa participación activa no mesmo, posibilitando unha correcta identificación das súas necesidades para podelas atender convintemente.

- Acollida do profesorado
  Na mesma liña co alumnado, pero neste caso buscando unha maior colaboración e coordinación no funcionamento do centro grazas a un coñecemento dos aspectos mais relevantes e particulares da organización.

- Relación cas familias
  Neste caso, o obxectivo e doble; por unha banda mellorar a comunicación entre o centro e as familias, dando a coñecer a actividade desenvolvida no centro e fomentando o achegamento ó centro para dar a coñecer toda aquela información relevante para o proceso formativo do alumnado.

  Por outra, promover a participación na ANPA e o papel desta como axente formativo dos pais e nais na liña de traballo do centro e na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

# 7.CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE

A concreción do Plan de Igualdade segue, en liñas xerais, a de cursos anteriores:

## 7.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

- Fomentar a representación igualitaria entre mulleres e homes nos órganos de decisión e representación.
- Renovar o responsable de Igualdade no Consello Escolar
- Relanzar a persoa coordinadora en materia de Igualdade no centro.
- Impulsar o Plan de Igualdade entre a comunidade educativa.
- Promover unha linguaxe inclusiva e igualitaria tanto nas aulas desde os diferentes departamentos como nas diversas actuacións internas e externas do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas e de sensibilización.
- Manter e aumentar as accións que axuden á mellora da convivencia no centro que promovan os valores de igualdade entre homes e mulleres e a sensibilidade en temas de identidade de xénero ou sexual
- Concretar o desenvolvemento curricular de orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional con infrarepresentación feminina.
- Proxecta e contratos programa INCLÚE, liña IGUALA-T

## 7.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

- Revisión contínua das programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero.
- Promoción do cambio metodolóxico encamiñado cara unha escola coeducativa promovendo:
    - Unha aprendizaxe cooperativa onde prima a negociación, a toma de decisións compartida e o respecto pola diversidade.
    - Actividades que fomenten o debate e o espírito crítico fronte ás desigualdades.
    - Actividades nas que se practica a comunicación non violenta na resolución pacífica de conflitos
    - A educación emocional  favorecendo a expresión das emocións e dos sentimentos, explícita no Plan de Acción Titorial
    - A adopción de normas de funcionamento e compromisos dentro do grupo onde a base, como non pode ser doutro xeito, é o respecto.

- Colaboración coa ANPA na realización de actividades de información e sensibilización coas familias.

## 7.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

- Difusión de información sobre igualdade e a violencia de xénero a través dun taboleiro de Biblioteca.
- Promóvense lecturas coeducativas a través da Biblioteca
- Revisión da linguaxe dos espazos comúns, evitando connotacións sexistas ou visibilizar o papel das mulleres na historia.
- Promoción da participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, etc.
- Sempre que sexa posible os grupos estarán formados atendendo a esta igualdade.

## 7.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- Promóvese o respecto e o bo trato entre as persoas sen facer diferenzas de xénero, ou condición en todos os ámbitos da actividade escolar.

# 8. PLAN PROXECTA E CONTRATOS PROGRAMA

## 8.1. PROXECTA

Este curso o centro presentou solicitudes en sete liñas dos Proxecta:

02. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)
Promoción da actividade física e o deporte vinculados a vida saudable.
Coordina departamento Educación Física.

08. Consumópolis
Educación para o consumo responsable.
Coordina departamento Economía.

10. Donas de si
Educación para a igualdade.
Coordina departamento de Debuxo.

11. Por 365 días de respecto e igualdade
Educación en valores e na igualdade.
Coordina departamento Orientación.

13. Paisaxe e Sustentabilidade
Relación entre a paisaxe e o desenvolvemento sostible na contorna próxima.
Coordina departamento de Ciencias Naturais.

28. Parlamento Xove
Promoción do debate e a oratoria vinculado á representación política ou doutro tipo.
Coordina departamento de Lingua Castelá.

37. Proxecto didáctico Antonio Fraguas
Vinculado á promoción da lingua e culturas galegas.
Coordina o Equipo de Dinamización de Lingua Galega.

## 8.2 CONTRATOS PROGRAMA

Nesta ocasión o centro está presente participando nas tres modalidades de contratos programa:

- RECUPERA-T
    - PROA
      Profesorado de apoio a media xornada para atender en horario lectivo ó alumnado de 4º ESO. Especialidade do docente, lingua castelá – ámbito socio-lingüístico.
- INCLÚE
    - IGUALA-T
    - CONVIVE-T

- INCLÚE-T
- EMOCIONA-T

- INNOVA
  - EDUsostibilidade. O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
  - EDUcalidade. O centro educativo como modelo de calidade a nivel organizativo, de xestión e de funcionamento.

## 9. OUTROS PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Ademais dos xe referidos, o centro está implicado ou ten solicitado, os seguintes programas de éxito educativo:

- Club de Ciencia
  Promoción do desenvolvemento de proxectos científicos co alumnado da ESO.

- Acreditación de alumnado en Lingua Estranxeira
  Financiamento para os exames de certificación de nivel en lingua inglesa.

- Club de lectura
  Promoción da lectura entre o alumnado da ESO.

- EduExchanges presencial
  Intercambios escolares internacionais.